

O bico

M^a Ángeles MARTÍNEZ GARCÍA

O día levantárase frío e na estación o carazo cubrira as plataformas e as vías. Cristóbal acuruxouse dentro do seu abrigo para combater o frío mentres agardaba polo tren. Cada día collía o primeiro convoi da mañá porque entraba moi cedo a traballar.

Coma sempre, subiu no último vagón e buscou un sitio a carón da xanela para poder botar unha soneca. A esa hora o tren ía practicamente baleiro e só se ía enchendo conforme se achegaban á cidade.

Na seguinte estación, Cristóbal percibiu entre soños que unha muller sentara na praza de en fronte, mais continuou adurmiñado até que un abalo do convoi entrando nun túnel o espertou de golpe. Nada máis abrir os ollos atopouse coa mirada da rapaza e el desviou os seus ollos impresionado pola cor celeste dos iris dela. Observouna de esguello: saía escura por debaixo dos xeonllos, unha camisa branca e as mans sobre o bulso marrón do que termaban as súas coxas xuntas.

Cristóbal volveu cruzar a súa mirada coa dela para poder gozar un intre máis da súa cor e entón ela sorriulle. Cristóbal caeu dentro da meniña da rapaza e puido observala nun pupitre

na escola, dando un paseo polo bosque, o seu primeiro bico cun rapaz no portal da súa casa, unhas vacacións na praia, unha copa de viño, un auto encarnado que ela conducía, un camisón de seda que caeu aos seus pés, unha viaxe a Roma, unha man, un suspiro, un pastel de queixo, unha carriola, un riso, unha man suave sobre a súa meixela, unha bágoa, a man de Cristóbal sobre a man dela, o seu iris celeste e riseira, uns beizos vermellos pintados, o seu arrecendo a rosas frescas, unha areixa maina, escuridade e luz de praia, un bico.

Cristóbal abriu os ollos lentamente e atopouse sentado a carón da rapaza, mais as pálpebras que rodeaban o iris estaban engurradas, ben que aínda enmarcaban a ollada doce de antano; a man que el suxeitaba estaba artrítica e engurrada aínda que mantiña a calor, e os beizos que acababa de bicar non eran os beizos tersos que el cría beixar.

A muller aloumiñoulle o pelo coa man que lle quedaba libre e díxolle:

—Non te preocupes, pásalle a moitos.

Cristóbal ficou sentado, absolutamente desconcertado, mentres a señora se erguía con certa dificultade e baixaba na seguinte estación.